

# RGT

revista **galega de teatro**

primavera **2012** | Nº **70**



**TEXTOS / 67**

***FÓRA FEIRA***

de

**Joan Giralt Bailach**

**Tradución do autor coa revisión e corrección de Afonso Becerra**

## A DRAMATURXIA DE JOAN GIRALT COMO CONTO E CANTO CARA A LINDES

Hai anos que gozo da voz dramaturxica de Joan Giralt i Bailach, tan peculiar e única. A súa obra é como unha illa que brilla soa, non se acomoda a ningunha etiqueta, non se adscribe a ningunha corrente, está alén das modas. Joan non fai *pièce bien faite*, nin se sitúa nun terreo realista, pero tampouco responde ás pulsións rapsódicas que dilúan a acción ou os personaxes, tampouco fica no deseño de partituras escénicas posdramáticas que exhiban o seu propio ego. Non semella buscar *épater les bourgeois* nin tampouco entretelos con xogos vacuos, non pugna por facer alardes formais que o eleven ao parnaso dos dramaturgos que se volven tolos por ser *o último grito*, non pretende ser *o enfant terrible* da dramaturxia catalá. A obra de Joan é unha alfaia excepcional e *outsider* chea de beleza e de fondura.

A súa dramaturxia debeu nacer como canto e é acción cantada. Pero non no sentido literal, non se trata dun musical, aínda que é música. Hai personaxes, hai acción, hai unha historia que contar, ou mellor, unha historia que (re)presentar. E todo se orchestra cunha musicalidade única que nos despega da realidade, e dos realismos, para levarnos a ámbitos que semellan estar nalgún linde. Nun lugar quizais alegórico que amplifica e intensifica calquera signo e que nos acaba por devolver aos conflitos que padecemos como colectividade e como individualidade, nesa tensión inextricable entre o “nós” e o “eu”. A cultura, a lingua colectiva, herdada e a lingua individual que nos fai, que nos inclúe ou nos exclúe. E todo o que a lingua trae e leva.

*Fóra feira* e *Campcantat*, dous dos seus últimos textos, son esconxuros. Dous cantos dramaturxicos que nos protexen da especulación do falso progreso e que lle gritan ao emperador que vai nu, que non hai tal traxe novo e que, ademais, non queremos emperador nin rei. Que os traxes e os favores e os choios sempre os levan os mesmos.

O que canta, como dicía Novoneyra, está seguro, como gardado. *Fóra feira* desvélanos os perigos como os contos e dános acubillo como o canto.

Na dramaturxia de Joan as accións invístense dunha sonoridade especial, non só polas calidades estéticas e tímbricas da linguaxe verbal que emprega nas réplicas dos personaxes, senón tamén pola importancia das onomatopeas, que semellan sortilexios máxicos para entrar neses lindes fóra da realidade aos que nos transporta. Tamén as palabras inventadas teñen esta virtude, as cales, por similaridade fonética, nos remiten a outras, ofrecendo unha polisemia moitas veces irónica e sempre lúdica e reveladora.

*Fóra feira* ten unha carga ideolóxica moi forte, exenta de demagoxias ou panfletos. Pode ser teatro político, de denuncia, pero sen adscribirse a ningunha etiqueta porque, como sinalei, trátase dun estilo singular e único que non se avén cos compartimentos estancos establecidos polos estudos de literatura dramática.

As características intrínsecas da voz deste autor, que veñen dun fondo compromiso coa súa cultura minorizada e co humanismo universal, callan nun estilo cheo de filigrana no que a composición das sonoridades, dos cadros visuais, así como a concepción especial dos personaxes e das accións resultan, como en todas as grandes obras, de moi difícil tradución a outra lingua. Case acontece como con algunha poesía que, para pasar a outro contexto cultural e lingüístico, precisa dun poeta autóctono que a versiona ou recree. Neste caso temos a sorte de que o propio Joan Giralt i Bailach coñece e traballa en lingua galega e foi el mesmo quen nos agasalla, agora, coa súa obra na nosa lingua, tamén del xa. Como veredes unha peza única e diferente a todo.

Afonso Becerra de Becerreá

## UNA GENEALOGIA PER A FÓRA FEIRA

*Fóra fira* va nèixer a Barcelona a mitjans del 2000. Com que era el resultat del taller de dramaturgia dels meus estudis a l'Institut del Teatre, puc dir que en sóc el pare. O més aviat, la mare. O tots dos. Fora de l'àmbit familiar podria trobar comares per a alguns fragments que queden en la versió que ara es presenta: els professors que assistiren al prenaixement, especialment, Joan Casas. També Michel Azama, a San Miniato: el plaer d'escriure en el meu català de València, a mig camí de Pisa i Florència. (Cosa improbable en aquest estat de les autonomies que no podem dir *Espanyes* i que em farà sentir-me *marcià* quan torne al País Valencià.) A banda, hi hauria *l'oncle d'Amèrica*, que en realitat són més d'un i europeus: Koltès, Lagarce, Cormann o Handke. Llig els seus textos com cartes enamorades que m'adrecen. I responc.

Ja instal·lat a València, amb el títol superior (equivalent a tots els efectes a llicenciatura sense orla), se n'afegiran alguns fragments escrits sota l'escolta de Rodrigo García. Em demana "*Qué vas a hacer?*", després de traduir-los, *in situ*, a un castellà estàndard que prepare, de memòria, camí de cada sessió, però que lliure en l'original valencià als actors, valencians, que després hauran de llegir-lo. Ja sóc a casa perquè molts, massa, fan cara d'estar davant d'un text en *euskara*. Ai, las! Jo què sé què faré!

A finals d'any, al premi de teatre *Micalet*, el text queda finalista amb menció d'honor (un guardó que no existia) "*per l'ús del llenguatge i la concepció de l'espai*". I certa acusació de ser més *literatura* que no *teatre*. Per la meua banda he de dir que tant me feia si era literatura. No em reconec en eixa genealogia sinó en la de l'escriptura dramàtica (*predramàtica* i *postdramàtica* incloses), anterior a l'invent de la *lletra dura*. Però tampoc em molestava. Ara bé la voluntat era que fóra, no tant teatre del que hi havia, com teatre del que havia de venir. Les dues vessants que haurien de atendre les escoles d'art dramàtic: formar per a treballar en el mercat i treballar per formar-ne nous.

En 2005 arriba la posada en veu i en espai d'una nova versió, amb el nom de *So de provinença*, en una lectura dramàtica que dirigisc al Teatre el Musical del Cabanyal. Ací acabaria la seua trajectòria però...

Aquesta *Fóra feira* és més una versió que una traducció gallega d'aquelles *Fóra fira* inicial i final. Al tòpic aquell de *traduttore traditore...* s'hauria d'afegir *e trattore*.

Per altra banda, l'arrel de "tradicció" i de "traïció" és la mateixa, *traditione*. I totes dues, com la traducció són *traccions*. Accions de moure una cosa d'un lloc a un altre: transmetre del passat al present, lliurar algú o alguna cosa a un altre, traslladar d'una llengua de partida a una d'arribada.

No he pogut resistir la temptació, mentre revisava l'original abans de lliurar-lo a la traducció, de fer-la jo mateix, en lloc de l'amic Afonso Becerra, a qui agraiſc la revisió i la correcció finals. He fet de nou el trajecte de *Fóra fira*, presoner de la música de les paraules, ara amb el gallec recent amb què impartisc classes.

Rellegint-la no deïxe de pensar en l'actual *primavera valenciana*, que per a mi no és més que un nou episodi de l'antiga *fira d'atraccions*, *distraccions* i *detraccions* que el meu país (i possiblement el vostre) ha hagut de patir de la transició ençà. Si no és que ve de més lluny. Si no és que encara no ha acabat.

*Que encara hi ha combat.*

Joan Giralt Bailach

# **FÓRA FEIRA**

*Un signo somos, sen significado  
e sen dor somos, e case  
perdemos a linguaxe en terra estraña.*

Hölderlin

## **PERSONAXES**

ALÉ  
ESPONJA  
ONA  
GÀBIA  
MISTO

*ESPAZO: Unha chaira na beira dun centro comercial ás aforas dalgunha cidade mediana. A pegada, dunha roda de vehículo que pasou por enriba da poza que había -a saber cando-, atravesa un anaco do terreo seco no que se instalou unha feira de atraccións.*

## 1

*A unha banda da pegada, unha cabina estragada, antes para a venda de fichas dalgún enredo, e agora almacén de trastes. O sol move a sombra dunha nora.*

**ALÉ:** Tun... turun tun...

Tun turun tun... turun tun, turun tun... Tun ...

Non pode ser a melodía porque aínda non a escoitei,  
pero é o ritmo que baila miña nai na única foto que teño visto dela.

Son no seu ventre

mentres baila un paso do *Baile da Roda*. Nas festas de Fará, a súa vila.

A miña, cando chegue.

Baila un paso que aínda non me ensinou ninguén, pero que por forza ten que ser:  
tun, turun tun... tun, turun tun, turun tun turun tun... Tun...

Todo o camiño pasámolo parando en algures para,  
un día, di, ir parar coa nora a Fará.

Todo o camiño, que quere dicir todos os días,  
estivemos parando para preparar o retorno,

paramos aquí para reparar cousas, para preparar cousas, paramos.

Aquí, amparándonos á beira dun centro comercial, coas atraccións a punto.

Ou a piques de estar a punto. Nun punto do camiño.

Cada vez que paro, quero ver a foto da miña nai porque quero volver á vila cos seus ollos. Pero non a atopo: na caseta dos trebellos, non; na nora, non; na cabina da nora, non; na caravana, non. Atopo de todo, pero a foto, non. Madeiras arrincadas, máquinas de afeitar usadas, publicidade dun parque temático: *a Cidade do Feirame*, ofertas do centro comercial, trastes, revistas pornográficas, arames, fichas vellas, merda e, finalmente, unha carta de non sei quen. Unha persoa descoñecida, intrusa, forasteira, que chegou hai pouco. Ti, que respondiches no canto doutro, escribes:

*“A miña carta non será a que vostede esperaba. Prégolle que me perdoe por responder á súa. Se soubese que non era para min, non a lería. Por que non puxo ningún nome no sobre? A xente cambia de casa e agora, aquí, non vive a persoa a quen vostede escribe. É o mesmo enderezo, pero non o mesmo lar. A casa ardeu.*

*Vivo en Fará porque semella un lugar tranquilo. Ben, máis que tranquilo, amortuxado, pero moi preto do meu traballo no parque temático. Se quere, pode buscarme alá. O seu proxecto interésame. Vés aquí para desvencellarte do pasado do que procedes e acabas vinculándote ao pasado de onde vives, que queima coma un lume morno...”*

“Morno” non sei que é. Gábia, dismo! Onde estás? Quéresmo dicir?

*Entra na cabina estragada.*

## 2

*Na outra banda da pegada. ESPONJA, coa mirada na cabina, limpa a graxa dunhas grandes porcas que saca do cesto que hai enriba dunha mesiña de encarte. Un tempo.*

*Alé sae da cabina cunha presa de madeiras e ferramentas.*

**ESPONJA:** Xa me figuraba que non estarías facendo nada bo.

**ALÉ:** Sabes... Sabes onde anda a foto da nai?

**ESPONJA:** Temos que tirar a mesa. Entre todos estragámola.

**ALÉ:** É fea, eh, pai? Pero a min xa me chega. Onde puxeches a foto?

**ESPONJA:** Non te enredes. Temos que poñer a punto a nora para mañá.

**ALÉ:** Estou a facerlle un marco.

**ESPONJA:** Despois non me pidas que che ensine outro paso.

**ALÉ:** Que paso?

**ESPONJA:** Un que aínda non saibas.

**ALÉ:** Polo de agora xa sei dabondo. Agora quero a foto.

**ESPONJA:** Aínda non sabes nada...

**ALÉ:** Non pouco.

**ESPONJA:** ... e se non serves para nada, converteraste no imprescindible para tapar buracos por todas bandas.

**ALÉ:** Que máis podo aprender polos camiños?

**ESPONJA:** Hai máis de trinta anos que vou por eles. E que? Queres aprender algo de proveito? Ten, limpa as porcas. Fan que a nora renxa. Ti non o oes pero todo comeza cunha peciña e remata espallándose ás outras. Non podemos volver así.

**ALÉ:** Se non a atopo antes de desmontar, se non a atopo agora, perderase para sempre.

**ESPONJA:** Límpanse así de fácil. Se as deixas brillantes, mellor. Logo poslle un pouco desta graxa e logo outra até que remates. Logo colocáremolas onde estaban.

**ALÉ:** Sacarás o retrato da nai?

**ESPONJA:** Volta e dálle! Volvo á nora.

**ALÉ:** Xa o dicía a nai, que a nora acabaría matándonos.

**ESPONJA:** Díxoches iso? Se apenas a coñeciches.

**ALÉ:** Ás veces fágome a pregunta de se ti non estarás morto xa e ela viva. Quizais miña nai se disfrazou de ti, para ter pai. Veña, nai, non continúes. Prefiro que fagas de nai. Fíxechelo como puidiches. Agora déixao.

**ESPONJA:** Iso quixeras ti, que morrera eu, eh, cabroncete? Pasaches a vida mirando para a foto pero túa nai son os meus contos. Nin sabes se nos podía falar.

**ALÉ:** Non era muda.

**ESPONJA:** Quizais non, pero non ten sentido dicir nada se non se pode ouvir como soa.

**ALÉ:** Oes, ti? Devólvema, Esponja.

**ESPONJA:** Túa nai é unha foto perdida, Alé. Fai algo de proveito ou non virás comigo.

**ALÉ:** Non son fillo teu. Devólvema, Esponja. Gardáchela demasiado tempo.

**ESPONJA:** É unha foto fea.

**ALÉ:** Se queres, estará mal feita, pero non é fea. E quéroa.

**ESPONJA:** Fea ou mal feita. Tanto ten. Ves como non sabes nada?

**ALÉ:** Por que temos tantas cousas mal feitas?



**ESPONJA:** Cousa de familia. O mal gusto tamén é unha herdanza.

*Entra na cabina.*

**ALÉ:** Foi isto algunha vez unha familia?

Sempre pensei que meu pai foi quen fixo a foto.

Meu pai real, non o tío. Non ti, Esponja. Ti, non.

Do meu pai real, nin unha palabra. Da foto da nai, nin rastro.

Non queres dicirme onde está a foto e eu non prepararei a nora. Non quixeches que visitáramos o Feirame e eu, así, non vou acompañarte a Fará. Nin que fose máis á escola e agora só coñezo os teus pasos. Ti non queres que vexa como te afeitas e eu non deixarei que me creza a barba. Non arranxo a nora.

Que renxa todo o día, que se estrague, que caia a cachos. Ou mellor, collo as pezas e espálloas. Que caia sen pezas. Agóchoas como se fosen fotos. Sen limpalas. Sucias. Que se enferruxen se chove.

Como non chove, que se enferruxen coa humidade. Ou mellor, saco a pirola e mexo enriba delas. As pezas, que se enferruxen. Mexo, mexo.

Polo menos así dou algunha utilidade á pirola.

Deuma miña nai. Ti non ma terías dado. Ti teríala gardado como a foto.

**ESPONJA** (*sae e dálle un marco cunha foto calquera.*): Aínda non remataches?

**ALÉ:** Que fas? Teño dabondo cun pai falso.

**ESPONJA:** Esta da publicidade non é boa para ti?

**ALÉ** (*engraxa as mans e pinta cara e brazos.*): Tun, turun tun... Se cadra meu pai era doutra tribo. Sabíalo? Se son fillo de muda, son fillo de negro.

**ESPONJA:** Pareces unha negriña.

**ALÉ:** Tun turun tun. Tun. Ti non me aprendes nin a afeitarme, turun, porque realmente non che crece a barba. Tun turun.

**ESPONJA:** Desgraciado! Mexaches nas porcas?

**ALÉ:** Ti aprenderíasme a afeitarme a pirola se continuase contigo. Se a nora non te mata axiña, eu matarei a maldita nora! Tun turun tun turun turun turun...

*Sae espallando unhas porcas polo aberto. Esponja sae detrás.*

### 3

*Da cabina sae cantando, GÀBIA, que arrastra unha pianola de moedas.*

**GÀBIA:** “Na praza nova o niño está.

*Deixa un ovo o cuco que está a pasar.*

*Criatura nova, criatura nova,*

*quen te vai coidar?*

*No niño alleo moi quente estás,*

*Chega o dono á praza e vaite sacar.  
Criatura soa, criatura soa,  
onde vas ficar?”*

*A máquina -o “juke-box”- atráncase na pegada. Unha moeda e música.*

*“Na praza nova o niño...” Que dis? Non é así. Mudáronche a letra tamén? Non se pode cantar de calquera maneira. Non vou escoitarte. “Na praza nova o niño está...”*

*Bátelle.*

Cántoa como aprendín en Fará. Fun unha vez. Tiña que ir amodiño... amodiño... para repetir os pasos. Tan tarantán... Cando quixen volver repetilos as rúas cambiaron. Tan taran tan... tan. Alguén fixo unha lumieira no medio da praza e co fume... *“Perdín o meu...”* Non era así, non tiña letra... Se cadra construíron un edificio inútil... ou talvez medrou a herba onde estaba a escola... a taberna? a praza maior...? Tan... taratan... tan... Tan... Non... Tan... taratan tantan taran...

*Vaise ensaiando uns pasos mentres soa a gramola. No silencio: Alé.*

**ALÉ:** Nas últimas horas da tarde, nunha nave das aforas, uns mozos ensaiaban o Baile da Roda. Espieinos preparado para bailar. De súpeto algo falla. Unha música que non coñezo, un paso que non me ensinou meu tío. Os que veñen logo, recoñézoos. Pero o que bailan, non. Que pasa? Tampouco non é o paso da foto. Hai días que non vexo a foto. Onde está a foto? Busco a foto: a única cousa que teño dunha familia que cala. En cambio ti que nos visitas, que te hospedas entre nós, que alugas un lar, que te estableces, non calas como a miña familia. Escribes nunha carta:

*“Espero que non crea que me apropié das cousas da casa. Só había unha mesiña de encarte en mal estado que botei fóra. Insinúa que ten que haber un anel. Tería que buscalo nos alicerces, pero non imos volvela desfacer por unha quimera.”*

E tamén dis:

*“De cando en vez fan pintadas na fachada. Ao principio, borraríaaas, pero desistín. Fanas e vólvenas facer. É a guerra dalgúns. Contan que un mestre recuperou un paso perdido do Baile da Roda. Pero comezaron a acusalo de manipular á mocidade e durante un tempo a festa remataba sempre en batalla. Finalmente, prohibiron o paso. O paso perdido. Se o coñece, poderíamos ensinar?”*

#### 4

*Golpes sobre a gramola. ONA, apoiada nela, axita un zapato no aire.*

**ONA:** Funciona? Hai anos que non vía unha. Fará falta unha moeda para poñela en

marcha, non? Creo que non teño nada solto. Sabes por onde se entra á feira? Tiven que deixar o coche na estrada. Todas as direccións levan ao centro comercial. De día estará animado, pero agora parece un cemiterio... Non teño solto...

**ALÉ:** Espiábame?

**ONA:** Vin... vinte bailar... desde o coche... Había a luz do juke-box... non?... É unha mágoa que apenas se vexan os títulos... Que estabas a escoitar?

**ALÉ:** Fíxose tarde. Cando pecha o centro comercial pechamos nós.

**ONA:** Xa. Sabes por onde anda a nora?

**ALÉ:** Viñeches espiar.

**ONA:** O meu home e mais eu temos que xuntarnos co dono da nora. Un tal Esponja. Coñécelo? Traemos o carrusel. Non sabemos como entrar aquí co remolque dos cabaliños. Queres avisalo, por favor?

**ALÉ:** Por que tería que coñecelo? Parézome ao fillo seu ou que? Non debes ter moitos fillos negros en Fará. Tun, turun tun...

**ONA:** Negros...? O meu marido está por aquí. Seguro que xa aparcou. Non tardará.

**ALÉ:** O teu home baila tan ben coma ti?

**ONA:** Como?

**ALÉ:** Vinte no *Feirame*.

**ONA:** Cando? O parque temático aínda non abriu ao público... Tivemos a inauguración... pero aínda non está a punto... Estiveches... espiándome?

**ALÉ:** Tamén saes nas fotos da promoción.

*Lánzalle o marco e cantaruxa. Ona ten arcadas e vomita.*

**ALÉ:** As chaves do coche, rápido. Voute levar ao hospital.

*Un feixe de luces atravesa a pegada.*

**ONA:** O camión! Eh! Aquí! Son Ona! Eh!... Pero que fai? Merda!... Xa chegou o meu home... Grazas, só foi un pequeno mareo... Por que non toca a bucina para avisalo? Aínda non é tan tarde como para ir durmir!

**ALÉ:** Levareite á nora.

**ONA:** Non!... Esperareinos aquí. Non, aquí non!... No coche.

**ALÉ:** Esponja durmiríase esperando ao teu marido. Cando era o seu sobriño adoitaba chamarlle pai. Era un xogo, pero non funcionaba.

*A bucina do camión primeiro e logo un estrondo. Ona sae correndo.*

## 5

*O son leve dun soldador na escuridade da chaira. As faíscas iluminana. Esponja, cunha máscara de protección, está a cortar unha barra metálica. No chan dúas metades de*

*animais de feira: cabeza e ás dun paxaro e ancas e rabo dun cabalo. Esponja remata o traballo cun martelo. Desde detrás da gramola xorde MISTO.*

**MISTO:** Ei, que espertaremos aos que dormen!

**ESPONJA:** Arranxamos o enredo ou deixámolo para mañá?

**MISTO:** Podería ter chegado esta mañá. Poderíamos ter chegado pola mañá. Pero cando estabamos preto desvieime. A miña muller dicía: é por aquí. Eu: que non, que estou seguro, déixame que coñezo o camiño, vasmó dicir a min, crieime aquí. En realidade non sabía como chegar. Non é que non soubese o camiño. O camiño coñezoo. Vaia se coñezo o camiño. Crieime aquí. Pero non sabía como achegarme a ti despois de tantos anos como se nada pasara. Que podía dicirche? E agora cando me espertaches, por un intre, por un intre pensei que me facías erguer para cazar paxaros con visgo. Como se nada. Como se non pasaran os anos.

**ESPONJA:** Viñeches instalar o carrusel, non?

**MISTO:** A feira tradicional volve a Fará!

**ESPONJA:** Abrimos ás dez. Como queres que paren só pola nora?

**MISTO:** Ás dez, o sol vai ser forte hoxe...

**ESPONJA:** Que rache as pedras se quere.

*Colle a media carcasa do cabalo e comeza a pulir a fractura.*

**MISTO:** Poderíamos ter chegado máis cedo pero desvieime tanto como puideren. Á miña muller pareceulle que iamos demasiado lonxe, que a feira non podía estar tan lonxe. Non sospeitou nada. Estivo a piques pero non sospeitou. Sabe que eu non quería vir, pero non sospeitou. Ela quería ir diante co seu coche, pero conseguín que me seguise todo o tempo. Cando atopamos a feira, enredeime. Fixen que me enredaba, para non ter que entrar. Pero ela aparcou o coche na beira da estrada e avanzou na chaira. Tiña visto a alguén. Díxome que esperase, que esperase no camiión. Xa non se pode facer nada máis, pensei. E tranquiliceime. Pero cando vin o negro acosándoa puxen en marcha o motor e souben por onde entrar. Por onde puideren e si, esnaquiceí a caseta de tiro... Pero está abandonada, non? Sinto que envorcáse o remolque, sinto que se estragasen os cabaliños. Pero que farías ti se vises a túa muller acosada por un negro?

**ESPONJA:** Non teño muller, nin medo aos negros.

**MISTO:** Como podía recoñecer ao teu sobriño? Nunca o vin antes... Sinto a desfeita, Esponja. Chocar coa caseta de tiro non se pode dicir que sexa unha boa maneira de darche a benvinda... Pero, por outra banda, tamén está abandonada, non?

**ESPONJA:** Fuxiron e nin se molestaron en retirar as atraccións.

**MISTO:** A min paréceme moi boa idea todo isto. Agora co parque temático a zona vai gañar valor. Unha feiriña... máis familiar, máis... unha feira máis tradicional sempre terá clientes. A miña muller está entusiasmada, xa a viches.

**ESPONJA:** Por que non soubemos nunca facer nada importante? Xente que malgasta

o esforzo cotián. Xente que pensa e deseguida fai, pero deseguida tamén repensa e desfai. E aquí estou coas desfeitas.

*Corta cachos de arame.*

**MISTO:** Os domingueiros que se acheguen quedarán alucinados. Poñémoslle un nome?

**ESPONJA:** Para que? Se alguén me chamase polo nome que me puxeron meus pais seguro que xa non me viraba.

*Fura o cabaliño e pasa arames. Misto colle a cabeza de paxaro.*

**MISTO:** Meu pai era un artista. Dos mellores: *o Bosque dos Cabaliños*. Fixo ben quedando no bar. Non aturaría ver a feira tan estragada. Lémbreste...?

**ESPONJA:** Non lembro nada.

*Misto pule a carcasa do paxaro. Esponja co martelo acaba de cortar a barra.*

**MISTO:** Esponja, para. A miña muller ten que descansar. Deixémola durmir.

*Esponja fura o medio paxaro.*

**ESPONJA:** A túa muller escribume pero non cría que teu pai o permitise. Non sei que pensará cando cheguemos a Fará... Aguanta aquí, queres?

**MISTO:** Trouxen o carrusel, non? Que máis queres?

**ESPONJA:** Que aguantas isto che digo.

*Misto sostén o animal mentres Esponja xunta as pezas con arames.*

**MISTO:** Por que estará tan nerviosa?

**ESPONJA:** As nais non nacen nais. Terían que dicirlles que ao nacer a primeira criatura comezan a ser unha cunca de leite que vai baleirarse até secar.

**MISTO:** Non sei se servirei para isto. É unha mágoa que a maioría abandonase o proxecto. É boa idea... pero preferiron traballar na *Cidade do Feirame*.

**ESPONJA:** Aínda poderías atopar traballo alí.

**MISTO:** E deixar a meu pai só no bar?... Un día destes poderíamos cazar paxaros. Vexo que tes visgo a man.

**ESPONJA:** E deixar ao teu pai só co bar como hoxe?

**MISTO:** Non quería vir, non vou negalo, pero ela non paraba. Probemos, di. Non sabe o que di. Axúdoche a montalo porque quero que quedes con el e logo voume. Marchamos. Hoxe, cando rematemos. Que o vexa todo. Que se quite a idea da cabeza. Sexa como for temos que irnos. Vin hoxe porque mañá ten consulta. Axúdoche co carrusel e voume.

Non o quero. Quero que quedes con el. Meu pai díxome que era meu, que fíxese o que me petase. E non quero esta herdanza.

**ESPONJA:** Imos volver.

**MISTO:** Até cando? Montaches o bar co teu socio para quedar, pero non tardaches en fuxir. A que vés agora? Meu pai quedou co negocio e agora non hai traballo nin para min. Acabouse, Esponja. No traballo que farei agora todo será diferente.

**ESPONJA:** É dicir que deixarás o bar? Non me dixeches onde vas traballar.

**MISTO:** Non é seguro... Non de seguida, aínda teño unha entrevista... Mañá.

**ESPONJA:** Antes de marchares tes que poñerlle un nome a isto.

*Colle visgo dun bote e esténdeo nunha tea.*

**MISTO:** A que collóns xogas co monstro que fas? Fora mellor arranxar a gramola.

**ESPONJA:** Fágome maior. Ti dentro de pouco pai!

*Esponja deixa de estender visgo.*

**MISTO:** Por que levaches a gramola como se foses un ladrón? Poderías telo acordado como fixestes despois.

**ESPONJA:** Ao teu pai non lle interesaba... A nora deteriorábase e quixen manter a memoria da familia de feirantes. Dar unha herdanza ao meu sobriño.

**MISTO:** Vaia herdanza! Meu pai tería que ter vendido os cabaliños. Gardounos para ter con que ameazar: se non te portas ben terás que marchar polos camiños.

**ESPONJA:** Un día ti comezarás a inventar historias para non deixar de ser pai.

**MISTO:** Non viñeches ver ao teu antigo socio, pero puides vir visitar o teu afillado.

**ESPONJA:** Hai máis de vinte anos que non facemos nada xuntos, cres que aínda o son?

**MISTO:** Non vou montar o carrusel na vila. Aceptarei o traballo que me ofrezan.

**ESPONJA:** Tiñas razón. Aínda non me deches a benvida.

**MISTO:** Nin cha vou dar.

## 6

*Alé camiña, iluminándose cunha lanterna, sobre a pegada.*

**ALÉ:** Tun... turun... tun... Tun turun tun... Onde estabas, Gàbia? Estiven chamándote, ven. Tun turun tun, turun... Coñécela? Non sei como continuar... Estarás cansa coma min, e nada mellor que o colchón dun corpo canso para coller o sono. Ven. Podemos quedar aquí até que poidamos buscala de día. Apago a lanterna e vés, de acordo?

*Silencio.*

**GÀBIA:** Alé, os irmáns poden casar?

**ALÉ:** Eh?

**GÀBIA:** Que se os irmáns poden casar?

**ALÉ:** Non.

**GÀBIA:** Non? Por que non?

**ALÉ:** Non sei. Durme.

**GÀBIA:** E unha nai e un fillo?

**ALÉ:** Por que dis iso? Durme.

**GÀBIA:** Non mo queres dicir.

**ALÉ:** Quero descansar. Mañá teño que continuar.

**GÀBIA:** Non sabes por que non se pode?

**ALÉ:** Non, non o sei. Non tiven unha nai que mo explicase.

*Silencio.*

**GÀBIA:** Síntoo. Ninguén pode explicar o que non sabe. Pero ten que haber algunha maneira de sabelo, de aprendelo...

**ALÉ:** Coido... Coido que é porque.... se tivesen fillos sairían tarados... con malformacións ou defectos... Entendido?

*Silencio.*

**GÀBIA:** E se fosen os únicos nun deserto ou nunha illa? Terían que repoboalos.

**ALÉ:** Cala e durme.

*Silencio.*

**ALÉ:** E agora por que acendes a lanterna?

**GÀBIA:** Teño unha cousa para ti.

**ALÉ:** Se non é a foto non quero nada. Xa podes apagar a lanterna.

**GÀBIA:** Se o abres saberalo. Ábreo, veña.

**ALÉ:** Un anel?

**GÀBIA:** Espero que sexa da túa medida.

**ALÉ:** Agora non teño ganas de xogar. Probareino mañá.

**GÀBIA:** Mañá? Que durmas ben.

**ALÉ:** Ei, atende.

*Silencio.*

**ALÉ:** Dixen que atendeses. Mira.

*Silencio.*

**ALÉ:** Queres atender por favor? Mira.

**GÀBIA:** Queda moi ben, eh? Sabía que o acertaría.

**ALÉ:** Moitas grazas, Gàbia.

**GÀBIA:** Queres casar comigo?

**ALÉ:** Que?

**GÀBIA:** Non, ti agora tes que dicir si ou non. É mellor que digas que si porque se non terás que devolvermo.

**ALÉ:** Iso non é posible.

**GÀBIA:** Xa sei que mo dixeches, pero se non temos fillos si que podemos.

**ALÉ:** Non podemos comprometernos.

**GÀBIA:** Acabamos de facelo. Bo, de momento só eu, porque ti non te decides.

**ALÉ:** Non é un compromiso real.

**GÀBIA:** Non? Por que non? Que fai falta para que o sexa?

**ALÉ:** Moitas cousas. Non podes nin imaxinalas.

**GÀBIA:** Cales, listo?

**ALÉ:** O permiso dos pais e cousas así.

**GÀBIA:** Dilo porque non queres casar comigo.

**ALÉ:** Apago a lanterna.

**GÀBIA:** Si, agora apágaa, que queres durmir.

**ALÉ:** Teño que atopar a foto da nai. Non sei que fixo meu pai.

**GÀBIA:** Non é teu pai. Ademais, para que queres unha foto? Tesme a min.

**ALÉ:** Non podes ser miña nai. Meu tío fixo de pai como puido. E non saíu ben.

**GÀBIA:** E non queres que eu o sexa... Non era o que querías? Pensei que podería selo.

**ALÉ:** Podes ser coma unha irmá, pero unha nai non.

**GÀBIA:** Se non son nai non quero ser irmá.

**ALÉ:** Ben, sexamos o que somos.

**GÀBIA:** Que somos, listo?

**ALÉ:** Meu tío di que non existes, que te invento. Nunca te viu. E agora que o penso eu tampouco sei nada de ti. Se cadra inventeite e ti non o sabes. Como agora estou a inventar o anel e o papel, Gàbia. Outro xogo que ten que acabar.

**GÀBIA:** Tampouco ninguén viu a foto. Tamén a inventaches? Que fas agora? Non tes que descansar?

**ALÉ:** Ei, atende.

*Silencio.*

**ALÉ:** Dixen que atendeses. Mira.

*Silencio.*

**ALÉ:** Queres atender por favor? Mira.



**GÀBIA:** Que pasa? Por que acendes os mistos? Sóltame!

**ALÉ:** Podo plantarche lume como a este papel. Iso pasa!

**GÀBIA:** Terás que devolverme o anel.

**ALÉ:** Síntoo pero perdiches o teu fillo.

**GÀBIA:** Vou durmir a outra banda. Dásme o anel?

**ALÉ:** Queres casar con meu tío?

**GÀBIA:** Queres darmo xa?

**ALÉ:** Ei, atende.

*Silencio.*

**ALÉ:** Dixen que atendeses. Mira.

*Silencio.*

**ALÉ:** Queres atender por favor? Mira.

**GÀBIA:** Nooon... Un día ou outro cagarala.

**ALÉ:** Tun turun tun...

*Camiña cara atrás sobre a pegada mentres o lume e Gàbia desaparecen.*

## 7

*Beira da carpa tapada do carrusel, Ona espalla brita. Misto adormece.*

**ONA:** Só hai pozas. Disque non chove, pero sempre hai pozas. Cando viñamos parecía que chovería, pero non choveu. Só estas pozas. Hai alguén que mexa mentres durmimos? Non o fixo a chuvia pero son pozas. Éncheste de lama con só erguerte.

**MISTO:** Demasiado po. Xa che dixen que non é necesario.

*Refúxiase dentro da carpa.*

**ONA:** Coido que hai un tipo de brita que non levanta po. Debe ser de plástico. E mesmo ten que haber de cores. Transparente, non, seguro. Viuna no *Feirame*. O plástico é o práctico. Transparente xa sería unha esaxeración... Se as nais fosen prácticas parirían fillas de plástico. Se tivesen estudos faríano. Pero aos dezanove anos non se pode ter estudos, eh, *madre*? Sería bo ter fillas de plástico. E de cores. Pero transparentes non. Se todo fose transparente sería a ruína. Ou unha sorte. Non cumpriría levar roupa. Nin vivir nunha casa. Eu podería vivir para sempre nunha caravana. Alí non podes engordar. En casa, en cambio, as cadeiras corren o perigo de deixar de existir. Como as montañas onde iamos coller herba, eh, *madre*? Viviría na caravana e tería o ámbito de fóra para tender a roupa. Antes de deitarme necesito estender o que teño e ver o que non teño.

Repasalo. Cadeiras e peitos. Ombreiros e pés. Xeonllos e mans. Se non o fixese volveríame transparente. Se non fixese o meu traballo volveríame transparente. Aquí o que se fixo transparente é a chuvia. E cada mañá vístome para comezar a suar.

*Por detrás da carpa aparece Esponja.*

**ESPONJA:** Non pareces a muller dun feirante pero non o fas mal. Será de varrer no bar.

**ONA:** Traballo na *Cidade do Feirame*.

**ESPONJA:** Ah... No *Feirame*.. E que é o quere dicir iso de *Feirame*?

**ONA:** É un nome e xa está... Viría ser... é un conxunto de feiras ou unha cosa...

**ESPONJA:** Daquela traballas no parque traumático. Facendo que? Limpando?

**ONA:** Bailo. Unha das animacións mesturará danzas do país...

**ESPONJA:** Iso é un traballo?

**ONA:** Bailo e bailo e como bailo tres veces digo que *trebailo*, si.

**ESPONJA:** Así que a forasteira se dedica ao folclore para turistas.

**ONA:** Fun filla de *churros* nuns lugares, de *charnegos* noutros, pero aquí, como queres que o sexa? Meus pais eran de fóra, se iso me fai forasteira sono, si.

**ESPONJA:** Forasteira, pero non militante, queres dicir. Por iso falas coma nós.

**ONA:** Eu non quero dicir nada. Ti como moitos outros sodes os que poñedes os nomes. Vivo e traballo aquí, como os meus pais fixéron antes noutras bandas. Aquí aprendín a vosa lingua, teña o nome que teña, e fíquei para ter un fillo.

**ESPONJA:** Nun parque temático que desfará o que quedaba de Fará.

**ONA:** Fará facémola e desfacémola os que vivimos, como os que viviron.

**ESPONJA:** Ti... é absurdo... Ben, non sei se saberás... Ti poderías, poderías ensinar os pasos do *Baile da Roda* ao meu sobriño. Se os sabes, claro. Ben, e se queda connosco... Ben, se é que quedades vós, claro.... Ben, se é que os sabes bailar.

**ONA:** Meus pais leváronme ver o *Baile da Roda* cando só era unha rapariga. Fascinoume. Hai pouco que o aprendín. Desde que comecei a traballar no parque.

**ESPONJA:** E báilalo ben?

**ONA:** Se cadra cando haxa algunha baixa... Agora é como se fose outro baile.

**ESPONJA:** Se chegases antes terías visto como bailaba eu. Pero despois de tantas pelexas... deixeino pasar.

**ONA:** Lembro discusións entre xente que non escoita, que se lanza frases de xornais e de libros que non leu en lugar de argumentos e que, perdoa que cho diga, iso, aos forasteiros que non o somos, fainos entrar unhas ganas de selo que para que.

**ESPONJA:** Entre bailes dedicaste a estudar como nos esnaquizamos?

**ONA:** Miro, escoito, ás veces pregunto.

**ESPONJA:** O teu marido ten boas respostas?

**ONA:** Unha boa resposta é a que abre outras preguntas?

*Un tempo.*

**ESPONJA:** Na miña casa, nas festas, penduramos unha bandeira. Ao ano seguinte dubidamos un pouco pero penduramos a mesma. Ao terceiro, cun pouco de pintura, meu pai intenta transformala. É tan evidente que non se atreve a sacala ao balcón.

**ONA:** E deuche o mesmo.

**ESPONJA:** Algúns mozos pedímoslle a un profesor novo que nos axudase a comprar unha peza de tea para facer bandeiras. A tanto o metro vendémola polas casas. Contaxiada do entusiasmo a vila engalánase.

**ONA:** Pero deuche o mesmo.

**ESPONJA:** Imaxina: un da capital que chega ás festas e espalla que nos enganaron: *A nosa non é así. Ten isto. Ou: Sobra aquilo. Fixéronvos uns renegados!* E xa temos media vila asustada. Hai quen a retira axiña porque non quere meterse en *política*. O medo contáxiase máis rápido que o entusiasmo e moitos fan igual. Ao ano seguinte unhas poucas fachadas. Ao terceiro case ninguén. E sobre estes poucos corren comentarios que non lles fan ningún favor: comunistas e melenudos, malas putas e maricóns, extravagantes e traidores.

**ONA:** E naquel momento eras comunista.

**ESPONJA:** Non. Nin mala puta nin traidor. Só alguén que tivo medo.

**ONA:** E aínda o tes, non si?

*Un tempo.*

**ONA:** Non me respondes.

**ESPONJA:** Cres que porque estas a piques de ser nai deixarás de ter medo?

**ONA:** Enviei unha resposta a un apartado de correos cando aínda non sabía quen eras. Envieina porque non quero deixar pasar as preguntas que fai a xente. Un descoñecido é unha pregunta. Tamén é, ou pode ser, a resposta. Por iso viaxamos, como ti mesmo, cheos de preguntas. De respostas é máis difícil. Ás veces un resón, unha chama feble enriba dun anaco de xeo, un xesto indescifrábel...

**ESPONJA:** Que resposta queres?

**ONA:** Por que queimaron a casa do mestre a quen lle escribiches?

**ESPONJA:** Moita pregunta para unha soa resposta. Unha noite que roldaba por Fará vin luz na casa do mestre. Se el volveu tamén podería facelo eu. Por iso a carta. Non sabía que morreu. Fóra de clase ensinaba á mocidade a bailar un paso que xa non lembraba ninguén. Mira se espertou paixóns que miña irmá acabou casando con el. Deseguida puxémoslle nome: o *paso da Orixe*. Non de balde o foi: do entusiasmo e asemade da discordia... Non quero volver pero Alé necesítalo. Non podo responder todas as súas preguntas. Podo achegalo e deixalo onde viven os que aínda odian a seu pai por un paso que non pedimos.

*Ábrese a carpa e aparece Misto.*

**MISTO:** Son máis das dez? Vés abrir ti? Non ías enviar...?

**ESPONJA:** Non quere saber nada. Di que marcha.

**MISTO:** Xa, e deixaches a nora en marcha?

**ESPONJA:** Que...? Sabía que non marcharía.

**MISTO:** Xa, pero se ninguén pode sentar, cal é o negocio?

**ESPONJA:** Que malnacido!

*Sae correndo.*

**MISTO:** Que panorama! Aquí non hai futuro. Teríamos que vendelo.

**ONA:** Sen asentos parece un esqueleto.

**MISTO:** Que esperabas do fillo duns renegados?

## 8

*Un exterior no centro comercial. Gàbia, cun posto de algodón de azucre.*

**GÀBIA** (*cantando*): “*Perdín o meu asento.... Perdín o meu asunto...*” Non era iso... Se refago cancións refago o camiño. Cando saíron das casas os berros e as burlas que o borraron? Tiñan poucas cousas, case todas feas. Non roubaron o camiño as voces que cantan: *taniná, niná...* Terás que guiarte polo *taniná* e tamén *chipchap, chipichip chap...* A praza é un prado de tenreiros e gacelas. Unha morea de gatos salvaxes prepara o ataque. *Chipchap, chipichipchap, chipchap...* E *taniná, niná, taniná niná ...* Unha gacela nova baila coa violencia da idade incerta. Os tenreiros fan outros pasos. Pero os gatos non queren que bailen. Lánzanse como pedras, miañan con insultos. Onde se aprende iso? Un día pola rúa un di unha calumnia, outro cala e vaite avagando até que che cae o anel e colles ao teu fillo para que non perda a memoria e sen darte conta prepáralo para o inimigo que o leva con el e a túa casa queda coma un lume morno... amortuxado... case esmorecido... o lume que se vai apagando, porque lle falta aire e queima sen chama. Si, morno...

## 9

*Golpes de chaves sobre vidro. Ona espera a Misto que recolle obxectos da cabina do carrusel. Alé na distancia.*

**MISTO:** Xa vou. Un momento.

*Máis golpes. Misto sae. Ona pecha.*

**MISTO:** Que fas aquí?

**ALÉ:** Quedou ben, eh. Non queredes axuda?

**ONA:** Túa?

**MISTO:** Cría que marchabas.

**ONA:** Esponja estará cabreado. Que vas facer aquí? Veña, temos que ir.

**MISTO:** Se chego a saber que che interesaba podería terche explicado todo...Agora...

**ONA:** Veña, que chegaremos tarde.

**MISTO:** Como poderíamos facer que sexa rápido...? Non é que non me fie, pero a putada dos asentos... Veña, vai, aquí tes a chave da cabina.

**ONA:** Que fas?

**MISTO:** Saberás abrir a porta, non?

**ONA:** Será mellor que non abra.

**MISTO:** Só terás que vixiar. Hoxe non haberá traballo. Talvez a fin de semana. Temos que marchar. Se viñeses antes poderíache ter explicado máis cousas. Terías que ter vido cando chegamos. Agora faise tarde... Escoita, se marchas antes da nosa volta deixa as chaves onde poidamos... Se cadra aínda estarás aquí.

**ALÉ:** Si. Adeus... Só quería axudar.

**ONA:** Non é necesario.

**ALÉ:** Podería traballar para ti.

**MISTO:** Gústache, eh? Se Esponja quixese quedar con el poderías encargarte....

**ONA:** Non podería.

**MISTO:** Iso se o vendemos... Estámolo a pensar, non?

**ONA:** Non.

**MISTO:** Non vexo claro o negocio. Poderías encargarte, si. Creo que serías quen.

**ONA:** Non sería porque non o é. Veña, imos xa.

**ALÉ:** É mellor que Esponja non quede con el.

**MISTO:** Mellor, por que?

**ALÉ:** Podería traballar para ti, un tempo, mentres ela cría o cativo... Até que puidese compralo, se é que o vendedes, e establecerme en Fará pola miña conta.

**MISTO:** Iso é moito diñeiro e serían moitos anos, neno. Non creo que sexa negocio. Por que se non querería desfacerme del? Temos présa. Falámolo noutro momento.

**ALÉ:** Por que marchas agora que o montaches? E se comeza a vir xente? Por que non quedas e vixías o meu traballo? Mañá poderías marchar máis tranquilo. Ou pasado e explicaríame ben as cousas. Ninguén me explicou nada con calma. Por iso non sei nada. Non aprendín nada. Nin me dixeches como se pon en funcionamento.

**ONA:** Temos uns minutos, non?

**MISTO:** Non, non os temos.

**ONA:** Coido que si.

**MISTO:** Pensas que virá alguén?

**ALÉ:** Aínda que non viñesen cumpriría poñela en marcha de cando en vez para que non se enferruxe. E seguro que se achegan. Sempre hai alguén na outra banda.

**MISTO:** Cres que paga a pena?

**ONA:** E se quedamos xa, que? Poñamos que non tivese visita ao médico, que non tiveses a entrevista. Que pasaría se deixásemos...?

**MISTO:** Non, non pasará nada diso. Temos que ir. Mira, xira a chave da dereita. Agardas

uns minutos, que se quente o motor. Mentres podes acender as luces. A min gústame tocar a bucina antes de nada. É o botón negro, pero faino ao teu gusto. As luces coas outras chaves. Daquela xa podes apertar o botón branco. Así ponse en marcha. A viaxe dura tanto como a canción que escollas na gramola. Uns tres minutos e paras. Entendido? Con coidado coa máquina dos discos, custoume arraxala e non quixese que a estragases o primeiro día.

**ONA:** Coas cancións o tempo pasará máis rápido.

**MISTO:** Adeus, Alé.

**ONA:** Aínda outra cousa.

**MISTO:** Que pasa agora?

**ONA:** Que pasará se non sabe poñela en marcha? Que pasará se hai algunha cousa que non funciona? Que pasará se de repente vén a xente e ten que abrir?

**MISTO:** Agora só é necesario que teña coidado. Non estragues nada, entendido? E se marchas, antes péchao todo, desconecta a corrente, non perdas a chave e, sobre todo, déixao todo ben limpo. Xa nos veremos. En Fará ou onde sexa. Adeus, Alé.

**ALÉ:** Un momento!

**MISTO:** Veña, que imos chegar tarde.

**ALÉ:** Pídivos un favor, esta carta é dun forasteiro que vive en Fará. Devolvédea e dicidelle que non chegou ao destino. Vou traballar. Adeus.

*Alé entra na carpa do carrusel. Misto saca o contido da carta.*

**MISTO:** Desde cando se devolven abertas? (*Lendo*) “*Conte comigo para instalalas. Iso dará vida á vila.*” Outro tolo. Tes idea de quen é o forasteiro?

**ONA:** Canto hai que ti e máis eu non nos chamamos polo nome?

## 10

*Unha banda da carpa deixa á vista os cabaliños xirando coa música. Nas voltas vese, intermitentemente, a Alé e a Gábia. El montado no paxaro-cabalo e ela de pé intentando uns pasos. Esponja abre a gramola e da plataforma baixa Alé.*

**ALÉ:** Non a podes levar. Agora que está arraxada non.

**ESPONJA:** Só busco os meus discos.

**ALÉ:** Colle o teu pero vaite.

*Monta na plataforma sen deixar de camiñar para non perdelo de vista.*

**ESPONJA:** Hasme deixar facer unha viaxe?

**ALÉ:** Sen fichas non podes subir. Non hai ninguén vendéndoas, polo tanto, non podes.

**ESPONJA:** Desmontei a nora. Prepárate. Volvemos a Fará.

**ALÉ:** A que vén iso? A miña vila é a feira. E vou quedar aquí.

**ESPONJA:** Xa os teño todos. Ah, isto é teu. Non sei como chegou aquí.

*Achégalle unha foto.*

**ESPONJA:** Está un pouco estragada, pero non é fea.

*Silencio. Alé deixa de camiñar.*

*A punto de desaparecer na carpa, baixa. Cóllea e volve á plataforma.*

**ESPONJA:** Tes os ollos da túa nai.

**ALÉ:** Quen a fixo?

*Coas voltas Alé desaparece na carpa.*

**ESPONJA:** Teu pai. Nunca me preguntaches e nunca cho dixen. Chamábasme pai e parecíame que era suficiente.

*Na plataforma aparece Gàbia bailando o paso perdido.*

**GÀBIA:** Ti preparaste para facer a foto mentres bailo. Teño unha cara de dicir: O noso fillo nacerá bailando o perdido. Ao fondo uns que poñen mala cara. Envéxanme.

*Desaparece.*

**ESPONJA:** Nunca participaron tantos no baile. Sobre todo mocidade. O segundo ano xa estabas en camiño. Ves a cara de ledicia da túa nai? Apareceron uns que dicían que estabamos cambiando a tradición.

**ALÉ (reaparece):** Onde está meu pai? Por que ninguén me dixo nada del? Vive? E ti, nai, por que tiñas que morrer tan cedo?

*Desaparece.*

**ESPONJA:** Pasar en pouco tempo do entusiasmo e a admiración ao desencanto e ao desprezo remata con calquera. Inventaron de todo e as calumnias espalláronse rápidas.

**GÀBIA (reaparece):** Aínda non estamos mortos. Só somos un lume morno. Non podemos morrer mentres rin de nós sen ter que matarnos. Eu sairei a bailar.

*Desaparece.*

**ESPONJA:** Cando a teu pai lle prohibiron saír ao baile por traidor decidiu comezar a comportarse como tal.

**ALÉ (reaparece):** Por que volviches disfrazarte do tío, nai? Por que escondiches que son fillo dun traidor? Tes medo de que o sexa?

*Desaparece.*

**ESPONJA:** Saímos bailar. Continuaba molestándolles o paso e prohibírono. Túa nai loitou contra as mentiras pero non tivo axuda do seu home... Nin a miña. Agora si, traidores finalmente.

**GÀBIA** (*reaparece*): Illácheste de todos e queres que faga igual. Teño un neno polo que loitar. Aínda non soa a música pero comezo a bailar porque non tocarán para min. Mira como se indignan, como berran. Todo é medo.

*Desaparece.*

**ESPONJA:** Saíu soa a bailar. O baile suspendeuse e tamén a fogueira. Alguén chegou á praza berrando: plantáronlle *lume á casa do mestre!* Na fachada unha pintada: “*traidor, fóra da vila*”.

**ALÉ** (*reaparece*): Xa está. Xa teño a túa mirada, nai.

*Rompe a foto e bota os anacos fóra da plataforma. Desaparece.*

**ESPONJA:** Como volverás sen a foto da nai?

*Colle os cachos. Gàbia baixa a bailar. Alé reaparece estragando os cabaliños.*

**ALÉ:** O fillo do traidor non volverá para esnaquizar Fará. Estade tranquilos!

**ESPONJA:** Ninguén lembra a teu pai. Podemos volver aínda que saíamos a bailar.

*Intenta subir á plataforma.*

**ALÉ:** Fóra de aquí! Volve a Fará. Goza da súa fogueira, que xa teño a miña!

*Desaparece na carpa. Son de carcasas de feira que se rompen.*

*Gàbia pon en marcha a máquina dos discos que Esponja arrastra lonxe.*

## 11

*Na beira dunha caravana. Misto pecha a porta con chave.*

**MISTO:** Descansa, muller miña. Durme. Díxocho o médico. Vai ben estar de baixa. A ti e mais ao noso fillo. Que nome escolleremos? Xa o pensaremos. Agora descansa. Ten que ser un nome que non lembre nada. Por que quixeches volver aquí? Poderías quedar na residencia do parque cos teus compañeiros. Teño outra entrevista. Non cho dixen. É para construír un aeroporto. Se tampouco sae ben teño outra: para a estrada que levará ao aeroporto aos turistas que traerán á *Cidade do Feirame* diñeiro para que os de Fará



levemos a casa. Mellor. Así vou perder este cheiro a vila e o cheiro a bar e o cheiro a familia de feirantes. Sabes? Na cola da entrevista atopei moitos estranxeiros. Romaneses ou parecido. De onde saíron? É como se crecesen nas marismas. Cando rematemos o parque temático, estarán limpas e vixiadas e non crecerán máis. No *Feirame* ao teu carón, non cheirarei a feira. Cargo a gramola e marchamos. Vendereina, non quero volver ao bar. Non quero esta herdanza. Agora durme e que durma o neno. Boa noite, fillo meu.

## 12

*Golpes no vidro da fiestra da caravana.*

**ALÉ:** Non vou axudarche. Só podería mancarte. Axudeivos cos cabaliños e xa viches. Agora son o meu propio pai. Os outros pais deixáronme algo que non se pode bailar.

**ONA:** Tes que poder, Alé.

**ALÉ:** Dóenme os pés. Dóenme as mans. Un día vou cortalos. O negro está a romper os elos deste baile encadeado!

**ONA:** Podes bailar. Abre, Alé.

**ALÉ:** Non insistas. Non vou abrir.

**ONA:** Abre. Aprendereiche a bailar ao revés e curarás.

**ALÉ:** Ti tamén chegaches tarde, Ona. Poderías terme aprendido moito, aínda que tivese que aturar ao teu home. Cre que pode aprender algo. Vese de lonxe que non sabe nada. Chegaches tarde. Se aprendese de ti agora traballaría contigo e non tería pasado. Aprendería todo de ti, que aínda aprendes. Se non que ten que facer unha nai? Pero só sei perder cousas e xente. Dóenme os ollos. Un día vou sacar os ollos. O negro está a perder a mirada!

**ONA:** Eses ollos teñen que ver Fará. Abre e irei contigo.

**ALÉ:** Non che podos abrir. Rompín a foto da nai. Tiña que cagala un día e xa está.

**ONA:** Respondín unha carta do teu tío. Non era para min, pero lina. Na súa dicía que non sabía como facer pero que Fará tiña que acollerte para que descansases.

**ALÉ:** Non é mestre, pero aprendín del a non saber facer. Ás veces na súa voz resoaba a da nai, pero quixen acabar e acabou.

**ONA:** É máis fácil aniquilar a quen queres.

**ALÉ:** Non vou abrir. Vou plantarlle lume á caravana. É o que sei facer.

*Silencio.*

**ALÉ:** Non teño nada contra ti. É cousa de familia.

**ONA:** Faino.

**ALÉ:** Xa queime o carrusel.

**ONA:** A quen lle importa? Faino!

**ALÉ:** E logo meu tío queimou o que quedaba das atraccións.

**ONA:** E está a chegar a Fará polo barranco. O meu marido foi tras del.

**ALÉ:** Vai... plantarlle lume á vila?

**ONA:** Se cadra é para que non o fagas ti.  
**ALÉ:** Non vou abrir. Non vou abrir. Vou plantarche lume.  
**ONA:** Faino e terás chegado á túa Fará por fin.  
**ALÉ:** Tunturuntun...

*Cunhas arcadas Ona desaparece da fiestra. Alé arrinca a pechadura e abre.*

### 13

*Á beira do cavorco dun barranco. ESPONJA detrás da gramola. Medio camuflada entre barras metálicas quere parecer unha trampa para cazar paxaros con visgo. MISTO ao carón dunha pequena lumieira.*

**ESPONJA:** Fru, fru... Ven con forza, fru, fru... É das que fai tremar. Por iso non virán paxaros. Fru, fru... fru, fru... Se houbese árbores, cantarían. Fru fru frú... Darían medo, pero tamén nos arrolarían até durmir. Non virán, non.

**MISTO:** Terás que pagar pola gramola. Arranxeina para levala, non para que xogases.

**ESPONJA:** Non serve. Non ten discos de reclamo.

**MISTO:** Tes que pagar polo carrusel. Tes que pagar por algo.

**ESPONJA:** Sabía que volveríamos cazar xuntos, pero non se achegan os paxaros.

**MISTO:** Vou levala. Meu pai non a quería pero podo sacarlle proveito. Pagarana ben.

**ESPONJA:** Se non viñeches cazar terás que gañala.

**MISTO:** Xa está ben de xogo, Esponja. Non son unha criatura.

**ESPONJA:** Lembras cando eras un rapaz...

**MISTO:** Non lembro nada.

**ESPONJA:** ...ti facías de min e eu facía ás veces de ti e ás veces de teu pai. Veña, xogamos e logo lévala.

*Alé e Ona a certa distancia.*

**ESPONJA:** Vós, se non sodes paxaros, fóra! Non son horas de visita.

**ALÉ:** Veño pola foto.

**ESPONJA:** Esnaquizáchela.

**ALÉ:** Son así. Un anaco desa foto. Estou feito de anacos. Tela ou ardeu na feira?

**ESPONJA:** Vaite, espantarás aos paxaros.

**MISTO:** (A Ona.) E ti non tiñas que descansar?

**ONA:** Ti son eu?

**ESPONJA:** Non! Non! Ti es eu, rapaz. Eu farei de teu pai. Vós podedes facer del cando neno no bar... Mirar e calar, senón marchade. Veña: *Esponja, desenchufe a máquina dos discos. Tiven queixas, sabes? Ninguén quere que volva soar a do paso perdido. E menos nas festas. Pareceche ben?*

**MISTO:** Que queres, Esponja?

**ESPONJA:** *Terías que sacar esa peza da máquina.*

*Silencio.*

**ESPONJA:** *Veña, fai memoria, rapaz.*

**MISTO:** *Estaba no bar, si, pero era un neno... Imaxino que dirías: *Paréceme ben, socio.**

**ESPONJA:** *Non! Non, *Esponja!* Dixeches: *Imos bailalo. Non poderás desenchufarnos os pés.* Veña, dío!*

*Un tempo.*

**ALÉ:** *Imos bailalo. Non poderás desenchufarnos os pés. Veña, dío!*

**MISTO:** *... *Imos bailalo...* Non vou dicilo! Non o lembro!*

**ONA:** *Imos bailalo. Non...*

**MISTO:** *Cala!*

**ONA:** *...poderás desenchufarnos...*

**MISTO:** *Non! Dixeches: *miña irmá!* Dixeches: *Miña irmá vai bailalo, socio...* Non poderás desenchufarlle os pés. *Terás que cortarillos!**

**ESPONJA:** *Ai! *Comeuvos a cabeza ese mestre. A saber por que marcharon de aquí os seus avós. Agora todos son netos de exiliados. Criches ese conto do paso perdido... Esponja, que estás a facer? Montamos un bar para non roldar polos camiños...**

*Silencio.*

**ESPONJA:** *Veña, córtame! *Montamos un bar para non roldar polos camiños...**

**MISTO:** *Non sei que máis dixeches, Esponja...*

**ALÉ:** *... *para non roldar polos camiños...**

**ONA:** *... *para non roldar polos camiños...**

**MISTO:** *Non o sei... de verdade... hai moito tempo... Non sei... *Que dis, socio! Xa non vou con eles. Conseguiestes que poucos queiran bailalo. Xa está. Perdemos o paso.**

**ESPONJA:** **Esponja, nunca che dixen que tes que facer.**

**MISTO:** **Nin falta que fai, socio.**

**ESPONJA:** **Pero poderías dicirlle algo a túa irmá ou teremos que pechar. Non ves que xa non entra ninguén polo mestre?**

**MISTO:** **É a miña irmá pero non son eu.**

**ESPONJA:** **Hai quen di que ti semellas máis á muller do mestre que a ela! Túa irmá dilles a todos que sairá a bailar. O outro día alguén dixo de poñerlle unha bomba. Calquera día porana aquí se continuades!**

**MISTO:** **Ti saberás. Son os teus amigos.**

**ESPONJA:** **Se a túa irmá baila ese paso, serei eu quen lle plante lume á casa. Avisaa. Non quero facerlle dano a ninguén, só que remate todo.**

**MISTO:** Meu pai non queimou a casa, Esponja.

**ESPONJA:** Aínda fas de min, rapaz. *Avisa ao mestre. El tamén parece a túa muller, farache caso, Esponja. Estadades avisados!*

**MISTO:** Claro, a culpa é do meu pai, non? Es un artista para repartir culpas, Esponja. Rematemos ben o teatriño. Se fas de meu pai planta lume a esta merda de trampa. Ou queres que o faga eu?

*Colle unha póla acesa da lumieira.*

**ESPONJA:** Faino, Esponja!

**ALÉ:** Plántalle lume! Axúdoche eu!

*Colle outra póla ardendo.*

**ESPONJA:** Faino! Faino!

**ONA** (*poñéndose diante da gramola*): E a min tamén.

**ESPONJA:** Non avisei a ninguén, rapaces. Tiña medo do que dicían e facían. Non fixen nada. Veña, faino! Púxenme ao lado dos que me desprezaban. Non quería que volvesen cambiarme o nome. Faino!

**ALÉ:** Falo ti ou fágoo eu?

**MISTO:** Non vou facelo!

**ESPONJA:** Faino, por favor.

**MISTO:** Queres que caia na trampa pero non son un paxaro. Garda para ti as túas merdas. Imos, Ona.

*Solta a póla ardendo.*

**ONA:** Como é que agora lembras o meu nome?

**MISTO:** Xa está ben! No empeces a xogar ti tamén. Vés?

**ONA:** Xa non estou de baixa, deixei o traballo. Prefería a feira. Pero a ti dábatche igual. Non escoitas nunca. Non traballarei máis no *Feirame*.

**MISTO:** A ti que che pasa agora? Levas un fillo meu.

**ONA:** Non. Levei unha cousa túa que tiña que darnos un fillo, pero agora só é unha lembranza.

*Silencio.*

**MISTO:** Que fixeches...?

*Volve coller a póla ardendo.*

**ONA:** E ti?

**MISTO:** Perdíchelo?

**ONA:** Perdémonos.

**MISTO:** Alé, fuxe, estás a tempo, pero non me sigas, por favor. Non me busques xa nunca.

*Vaise.*

**ESPONJA:** Ide, tamén, espantaredes aos paxaros.

**ALÉ:** Ao negro pode que o acollan en Fará, pero ao fillo do traidor non. Di onde están os anacos da foto e marcharei. No tes que cargar comigo.

**ESPONJA:** Non queda nada na feira. Síntoo, pero non podo hospedar a quen deixei sen casa. Non podemos dicir que isto sexa un bo colchón.

**ALÉ (a Ona):** Devólvello.

*Ona colle o anel e déixao sobre a gramola.*

**ESPONJA:** Non podo recibilo aquí. Isto tampouco é o seu enderezo.

**ONA:** O teu fillo adoptivo atopou o que buscabas. Dálle o que busca.

**ESPONJA:** Non teño fillos. Nin busco o anel. O anel vai aparecendo. Marchade, aínda non choverá pero haberá tormenta moi cedo. Na chaira aínda haberá claridade até moi tarde. É unha pena que non haxa árbores preto. Fru, frú.. fru,frú... fru, frú... A néboa do barranco mestúrase coa noite. Mala cousa, sabedes? Devorará as formas e non haberá ninguén que poida ver. Os tronos achegaranse como cabalos empurrando as nubes cara a nós. Deixará de estar raso. Se houbese árbores preto... Fru-frú...

**ALÉ:** Dime se se queimaron no incendio e voume.

**ESPONJA:** Botei o anel nas ruínas da casa, pero sempre aparece. Todo volve aparecer pero ten que perderse de novo. Como se pode ser o dono dunha perda? Como se pode vivir nunha vila que se perdeu? Como se pode manter unha feira perdida? Marchade con estas preguntas. Non quero visitas.

**ALÉ (deixando a póla ardendo):** Coa néboa do barranco avanza os paxaros, tío. Mira, aínda están lonxe pero chegarán. Ta, ta, ta, ta... Que calafrió só de pensar nas respostas dun descoñecido!

**ONA:** Cría que tiña que responder.

**ALÉ:** Fixéchesme crer que volvíamos.

**ESPONJA:** Ti querías, eu non.

**ONA:** Alimentaches a idea do regreso pero aínda deixas algo.

**ESPONJA:** No último día das festas estaba a recoller no bar. Na praza todo preparado para a fogueira. As luces apagadas, tamén no bar. No escuro espero que comece e que acabe. A mocidade con vestidos tradicionais comeza as danzas arredor da fogueira. As autoridades decidiron recuperar o *Baile da Roda*. Pero agora era unha exhibición, non unha celebración. O público aplaude. Entre eles algúns dos que o prohibiron. Alguén

puxo na gramola a do paso perdido. O home que senta na barra:

*Boa noite, Esteve.*

Era o único que me chamaba polo nome que me puxeron meus pais. Pídeme una cervexa aínda que estea pechado. *Vés polo fillo?* preguntei.

*Non podo ter fillos, Esteve. Os que inventan historias terán que inventar unha para el. Perdino. Sempre fun dos perdedores. Debe ser cousa de familia.*

Quitou o anel do dedo:

*Túa irmá devolveumo cando me neguei a axudarlle. Decía: “Se non queres ser a miña parella bailarei co meu fillo. Mira que marido máis pequeno que teño!”*

Deixouno na barra:

*Queda con el, Esteve. Un día Alé pediracho. Coa forza que dá un fillo a túa irmá opúxose á mentira e á violencia. E así foi todo.*

Non dixo máis nada. Canto tempo tiven os ollos pechados? Cando acabou a música? Cando os abrín el xa marchara. Antes que rematase o *Baile da Roda* na praza carguei a gramola no camiión, enganchei a nora e marchei porque non quería acabar sendo outro espectador. Botei o anel nas ruínas da casa que incendiei. A única cousa que fixen. E finalmente fixen o que tiven medo de facer antes.

**ONA:** Non fixeches nada.

**ALÉ:** É unha cousa de familia, non fixeches nada.

**ESPONJA:** Vén con forza, fru, fru. Fai tremer. Fru, frú. Xa temos os paxaros enriba. Non vou cazalos, vou espantalos. Frufrufufufufu

*Colle unha póla ardendo.*

Fóra da feira! Fóra! Correde, cabaliños, fuxide! Vou plantarlle lume a esta feira!

*Bota o lume na gramola, empúrraa cara ao cavorco e cae nel.*

## 14

*Na pegada. Alé limpa a graxa do corpo e da cara.*

**ONA:** Xa non vas ser negro?

**ALÉ:** Así non me deixarán entrar ao hospital. Só teño a meu tío. Non podo perder nada máis.

**ONA:** Ás veces é mellor volver nu ao punto de partida.

**ALÉ:** Non irei a Fará.

**ONA:** Non se parece ao que che contaron, pero pódese vivir.

**ALÉ:** Ti cres que a coñeces pero non podes coñecer o que xa non existe.

**ONA:** Que mellor que un lugar descoñecido?

**ALÉ:** Unha cidade grande ou medianamente grande pero chea de hospitais.

**ONA:** O esquecemento semella un hospital. (*Pausa.*) Canta.

**ALÉ:** Non sei cancións.

**ONA:** Cantaruxa algunha cousa... Tun... turuntun. Tunturun... Tun...

**ALÉ:** Non.

*Ona cantaruxa e baila.*

**ALÉ:** Despois disto xa non volvo nunca a Fará. Nin o meu tío, que xa non sairá do hospital con vida. Cando vou visitalo quero facerlle unha foto, pero non me atrevo. Vénme á cabeza a música. A que baila miña nai na única foto que teño visto. Estou no seu ventre mentres baila, pero non a canto. Non a cantarei nunca. Aínda que cante dentro de min. Non necesito fotos. Dentro de min só fica isto. Isto e a lembranza dunha tarde. Fuxín da feira, ao solpor –non lembro o motivo, é fácil que non tivese ningún- fuxín con calquera excusa, no luscofusco. Fuxo e, de seguida, pérdome. Sei que non estou lonxe da feira, que se berro meu tío virá por min. Pero non o fago. Dou voltas e voltas até que durmo, pero non o chamo. Unha muller con roupas de rapariga cólleme da man e lévame á feira. Non falamos. Deixo que me leve. Cando chegamos cólloa en brazos e, sen cantaruxar, arróloa até que dorme. Eu tamén volvo durmir. Cando esperto aínda quero fuxir, pero non o farei nunca. (*Un tempo.*) Que é o que bailas, Ona? Onde o aprendiches?

**ONA:** Non o sei. Se cadra bailábano na miña vila... Aprendino de miña nai, quizais... Marchamos cando era tan pequena. Non lembro telo bailado nunca, nin en Fará, nin no *Feirame*.

**ALÉ:** Baila outra vez. Tun, turuntun, tun...

*Faino.*

**ALÉ:** Unha vez máis.

*Repíte o paso.*

**ALÉ:** Outra vez, outra vez. Tunturuntun, turun, turun...

**ONA** (*detense mareada*): Non me leves ao hospital. Canta, imos ter un fillo.

**ALÉ:** Os fillos non existen, Ona. Nin tampouco así, tan de repente.

**ONA:** Cres que teríamos que pedir permiso aos nosos pais?

**ALÉ:** Queres ser o meu pai, Ona?

**ONA:** Si, Alé.

**ALÉ:** Quererás poñerme un nome, Ona?

**ONA:** Si, pero ti terás que poñerme outro a min.

ESCURO

## ÚLTIMOS TEXTOS EDITADOS POLA R.G.T.

- Jesús Díez:** *O Show de Kinsey*. Tradución: Afonso Becerra (nº 54)  
**Carles Batlle:** *Oasis*. Tradución: Afonso Becerra (nº 55)  
**Anxos Sumai:** *Deus está de vacacións* (nº 56)  
**Cándido Pazó:** *Dúas mamás* (nº 57)  
**Xosé Manuel Pazos Varela:** *Ida e volta (Taxi)* (nº 58)  
**Sonia Torre:** *Memoria* (nº 58)  
**Carles Batlle:** *Esquecer Barcelona*. Tradución: Afonso Becerra (nº 59)  
**Santiago Cortegoso:** *Hámster* (nº 60)  
**Suzanne Lebeau:** *O ogrocho*. Tradución: Henrique Harguindey (nº 61)  
**Gustavo Pernas Cora:** *Colgados* (nº62)  
**Josep María Miró:** *A muller que perdía todos os avións*.  
Tradución: Afonso Becerra (nº63)  
**Luis Araújo:** *Por que as acacias non han dar xarope?*  
Tradución: Xosé Manuel Pazos (nº64)  
**Abel Neves:** *Nunca estive en Bagdad* (nº65)  
**Teté García, Marta Pérez, Rosa Puga, Vanesa Sotelo:** *Expostas* (nº66)  
**Lluïsa Cunillé:** *O tempo*. Tradución: Afonso Becerra de Becerreá (nº67)  
**Eduardo Alonso:** *Piratas* (nº68)  
**Jose Maria Vieira Mendes:** *Padam Padam* (nº69)

Consulta os textos publicados pola RGT na web:  
**[www.revistagalegateatro.com](http://www.revistagalegateatro.com)**